

## Marco Paone entrevista a Xosé Neira Cruz



Xosé Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) é profesor de Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela. Como escritor desempeñouse con éxito, logrando varios premios, especialmente na literatura infantil e xuvenil – dende o primeiro libro *Ó outro lado do sumidoiro* (1988) até os últimos *O punto da escarola* (2009) e *Jan estivo alí* (2010) – e poesía, *De esparto e seda* (2008). É redactor da revista *Tempos*, ademais de dirixir e colaborar en diversas publicacións periódicas e coleccións editoriais. Participará no Festival *ANTIContemporaneo*, que se celebrará en Montecassino.

*A túa traxectoria literaria è longa e artículase por diferentes vías: novelas, contos, poesía, teatro, entre outros xéneros. Cal é a ‘forma’ na que te expresas e te sintes máis cómodo?*

Creo que non se trata tanto da vía de expresión como do tema que estou a querer contar. Cada historia nace cun ton. O chispazo creativo inicial dá lugar á obra e esta avanza. Non é que ela defina a canle a través da cal quere ser contada, pero efectivamente un mesmo tema podería dar lugar a diferentes resultados finais en función do xénero ou da “forma” adoptados. Polo tanto, ese proceso de maduración mental dunha historia previo ao momento de poñerse a escribir – que no meu caso pode chegar a durar meses ou anos – define o habitáculo final no que a dita historia quere vivir e desenvolverse.

*Es un referente dentro e fóra da península ibérica da literatura infantil e xuvenil. Cando escribes, cal é a maior diferenza que atopas entre un público adulto e un máis novo?*

Entre o público infantil e o adulto existe unha diferenza clara, non tan evidente, ás veces mesmo inexistente entre o receptor xuvenil e o adulto. De feito hai lectores xuvenís moi esixentes, que len arreo e fan da lectura unha aventura vital, e lectores adultos que se manteñen nunha especie de limbo lector, con poucas incursións na lectura, movidas máis por modas ou tendencias que por verdadeiras paixóns literarias. Dito isto, a principal fronteira entre estes distintos ámbitos – infantil, xuvenil, adulto - ven marcada pola forma de contar, pola escolla léxica e polas temáticas.

*Tes unha dobre formación, en filoloxía e ciencias da comunicación, ámbito no que actualmente desenvolves a túa actividade docente. Cres que a formación xornalística precisa aínda daquela literaria e filolóxica?*

Calquera complemento formativo é positivo. Non creo, de todos modos, que o xornalista precise necesariamente dunha formación filolóxica para cumprir ben co seu traballo. Depende tamén do ámbito informativo ao que se dedique, pois está claro que para un xornalista especializado en información política ou económica serían outras as disciplinas que lle aproveitarían máis. O erro quizais parta da crenza de que en Filoloxía ensinan a escribir; en realidade, ensinan a ler e a analizar as obras literarias, e mais a entender os mecanismos internos das linguas. Aínda falta – cando menos no noso sistema educativo - o equivalente ao Conservatorio de Música no ámbito da creación literaria. O que quere aprender a escribir ten que conformarse con sucedáneos como a Filoloxía ou o Xornalismo, que certamente fornecen ferramentas ao respecto, pero de xeito parcial.

*Como filólogo italiano, a túa relación con Italia é moi estreita. De feito, moitas das túas obras teñen lugar ou se inspiran a Italia. Cal son os elementos máis importante desta afinidade electiva? Cal é a túa palabra favorita en italiano?*

Con frecuencia un non sabe de certo por que ama ou se namora de alguén. Iso é o que me pasa a min con Italia. Sei que desde moi cativo me engaiolou a súa lingua e a súa historia, até o punto de ir procurar unha gramática de italiano a unha biblioteca pública compostelana, para estupor do bibliotecario, que non sabía se aquel neno de oito anos lle estaba a tomar o pelo ou falaba en serio. Lembro ter aprendido de memoria, entón, as preposicións en italiano, polo simple gusto de poder dicir algo nesa lingua, e que así foi chegando todo o demais. Unha das miñas afeccións de adolescente era o que eu chamaba “viaxar a Italia”, que consistía en dedicar un sábado ou un domingo a poñer música e despregar un mapa e fotos, planos de cidades, etc., e mergullarme en percorridos máis imaxinarios ca reais. Facíao en tempos nos que a internet nin existía, polo tanto había que traballar a fondo cada “estadía”. Encantábame concluír esas experiencias sabendo os nomes das rúas de Florencia, curiosidades da vida en Roma, detalles da historia de Venecia, e así até o que podería rozar unha paixón friki. Con 15 anos matriculeime nun curso de italiano e tiven a sorte de ter por profesora a Nadia Poloni, unha trevisana que entendeu ben a clase de espécime que tiña diante. De vagar, foi axudándome a preparar o meu primeiro encontro real con Italia, que se produciu cando eu tiña 17 anos. Con eses antecedentes, tiña bastantes posibilidade de ficar defraudado – porque a realidade dificilmente pode competir coa ensoñación - pero o labor de Nadia foi fundamental para que tal cousa non acontecese. Ben ao contrario. Lembro aquela primeira estadía de case dous meses como un soño cumprido. E como a confirmación da condena: a sorte quedou botada para sempre. Como sucede ás veces no amor, vivín momento de crise con Italia, períodos de total afastamento, e actualmente a madurez crítica preside a nosa relación. Regreso a Italia todos os anos, mesmo varias veces ao ano – xa non podo lembrar en cantas ocasións estiven en Florencia -, a renovar a miña cidadanía cultural de elección, e permítome ser crítico co que non me gusta porque é moito máis o que amo, admiro e me fai gozar cando estou alí e tamén porque, dalgún xeito, me sinto parte dese contexto e con dereito a opinar sobre o que tan intimamente forma

parte de min desde son ou, máis ben, desde sinto. Algunhas obras miñas foron traducidas ao italiano por estudantes de Tradución e Interpretación da Universidade de Boloña, aínda que non visen a luz editadas polo de agora, e segue a emocionarme a descuberta de novas palabras, con esa emoción xenuína e inocente que tiña aquel neno fascinado por unha lingua. Hai pouco tiven diante o orixinal dun manuscrito de Leonardo da Vinci, conseguín lelo e entendelo, malia a dificultade, e sentín os ollos húmidos. Como se aquel anaco de texto tivese a capacidade de facerme viaxar no tempo, ese desexo que algún día querría cumprir. Si, creo que para min Italia é, sobre todo, a lingua, e de aí pendura todo o demais. Por iso non podería individualizar unha soa palabra: todas teñen o seu lugar na engrenaxe dunha paixón irremediable que lle dá sentido a unha parte de min.

*A finais deste mes, participarás nun festival en Montecassino dedicado a Dante Alighieri. Que é o que máis valoras da súa obra? En que medida a obra de Dante segue sendo unha figura fundamental do europeísmo?*

A *Divina Comedia* é un monumento literario tan impresionante que simplemente se non existise tería cambiado boa parte da historia da cultura occidental. Sendo unha obra literaria de primeira magnitude é tamén moitas outras cousas: un mapa conceptual inesgotable que reverdece con máis vigor a medida que pasa o tempo. Como se contase con vida propia. Como se Dante, máis ca escribir unha obra, tivese ideado un artefacto portentoso. Sen dúbida é un deses parámetros que nos axudan a entender o que foi e debe seguir sendo Europa. E para nós, os galegos, un motivo engadido de orgullo, non só pola merecida medalla de ouro coa que o Concello de Florencia recoñeceu a marabillosa tradución ao galego da obra de Dante realizada por Darío Xohán Cabana, senón porque Alighieri lembrou e honrou o noso país nos seus versos.

*Pasaron algúns anos dende a saída do prelo da túa última publicación. A que se debe este 'silencio'? Tes un novo proxecto literario que estás a punto de estrear?*

Pasei os últimos cinco anos absolutamente volcado na coordinación do proxecto europeo campUSCulturae, liderado institucionalmente pola Universidade de Santiago de Compostela, en colaboracións con institucións doutros cinco países. Foi unha oportunidade única pero tamén un esforzo enorme, e como o día ten as horas que ten e non se poden estricar, houbo que sacrificar algún ámbito e tocoulle ao literario.